

Imos Investigar sobre o pasado da vila onde vivimos: Cambre. Toda vila pasou por moitos momentos importantes que deixaron pegadas na súa estrutura e nas súas xentes. Este curso investigaremos sobre algún dos habitantes máis antigos de Cambre: **Os Celtas**

Comezaremos por buscar toda a información de tipo xeral sobre este pobo: datas nas que estiveron por estes lares, de onde viñan, canto tempo estiveron por aquí, como vivían...

Despois cada grupo desenvolverá un destes temas para realizar un traballo escrito:

1. Principais asentamentos celtas en Galicia.
2. Restos dos pobos celtas no concello de Cambre.
3. As vivendas dos celtas: tipos de vivendas, distribución, organización nos poboados.
4. A cultura celta: música, literatura...
5. A relixión celta. Principais deuses e festividades relixiosas.
6. A alimentación dos pobos celtas.
7. Principais actividades económicas destes pobos.